



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE SETEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLE

LAP/331/2018.- MANUEL NÚÑEZ ESPÍÑO.- Conceder licenza de obras de rehabilitación e ampliación de edificación para uso de vivenda e albergue na Rúa de Teo, 16.

LAP/1/2013.- TR GONZALO S.L.- Conceder licenza de obras de legalización e complementarias para ampliación de nave destinada a almacén de alimentos envasados situada na Vía Ptolomeo, 18-20.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de rehabilitación e ampliación de edificación para uso de vivenda e albergue na Rúa de Teo, 16. LAP/331/2018. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de legalización e complementarias para ampliación de nave destinada a almacén de alimentos envasados situada na Vía Ptolomeo, 18-20. LAP/1/2013. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á posta a disposición de viario municipal para a execución de 3 proxectos de Mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela: dous tramos do Camiño Francés (AC/17/012.10.1 e AC/17/012.10.2.1) e un tramo no Camiño Portugués (AC/17/012.10.4). Expediente: PTM/49/2018. Acórdase por a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas o viario e espazos municipais afectados pola realización das devanditas obras.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto modificado da reurbanización da rúa Clara Campoamor. Apróbase o proxecto modificado, cun orzamento máximo de licitación de 1.563.864,94 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de cinco meses.

6.- Dar conta pola concelleira delegada da área de Igualdade da resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no pacto de Estado contra a violencia de xénero para 2019, a executar en 2019 e 2020. Dáse conta dunha transferencia de 18.051,08 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa ao inicio do expediente de "Iluminación de Nadal 2019 do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 217.800 euros (IVE incluído).

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do "Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de accidentes de tráfico e atestados subministrada pola empresa BETTER CONSULTANTES ao Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a prórroga do devandito contrato polo prazo de dous anos, a contar dende o 14 de setembro de 2019, así como o gasto do mesmo, de 1.815 (anualidade 2019), 7.260 (anualidade 2020) e 5.445 euros (anualidade 2021).

URXENCIAS

1.- Dar conta polo concelleira delegada de Educación da prórroga dos representantes municipais nos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. Dáse conta da relación de concelleiros/as nos diferentes consellos.